



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Edición e Comentario dos Textos Galegos e Portugueses		Código	613G02028
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución teórico-práctica á edición e comentario de textos literarios galegos e portugueses.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1 A2 A15	B7	C1
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios dos ámbitos galego e portugués aplicando as técnicas de análise textual.	A1 A2 A14 A15	B7	C1 C6
Elaborar textos escritos de diversa tipoloxía (traballos tutelados, fichas de lectura, críticas etc.).	A2 A9 A11 A15	B1 B6 B7	C1 C6
Saber analizar, avaliar e sintetizar criticamente información especializada relativa á edición e comentario de textos galegos e portugueses.	A11 A14	B1 B3 B7	C6
Coñecer a edición de textos e a crítica textual.	A16	B3 B8	C6
Coñecer a evolución histórica das linguas galega e portuguesa.	A27 A28	B3 B8	C6
Coñecer e utilizar os principais recursos web e bibliográficos, así como as bases de datos necesarios para a edición e comentario de textos galegos e portugueses.	A11	B1 B3	C6
Relacionar os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras disciplinas afíns.	A11 A14 A15	B3 B5	C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Ecdótica, crítica textual, textoloxía	1.1. Conceptos xerais: teoría e método 1.2. Introdución á edición crítica



2. A Ecdótica e a Crítica Textual no ámbito galego-portugués	2.1. O período medieval 2.2. A literatura galega 2.3. A literatura portuguesa
3. O comentario de textos	3.1. Textos literarios 3.2. Textos non literarios

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A16 A27 A28	16	24	40
Obradoiro	A1 A2 A11 A14 A15 B1 B3 B7 C1 C6	10	20	30
Lecturas	A11 B3 B6 B7 B8	1.5	18	19.5
Traballos tutelados	A1 A2 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C6	1	12	13
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A16 A27 A28 B7 C1	1	7	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica os contidos teóricos e procedementais fundamentais para que o alumnado poda atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Contémplanse, entre outras, a realización de prácticas ecdóticas e de comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC e estudos de casos.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesorado. No paso 8 desta Guía, atópase a referencia da obra de lectura obrigada.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesorado, escollido entre unha serie de propostas presentadas no inicio de curso. Con este traballo preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes de diverso tipo.
Proba mixta	Consistirá na realización dunha proba escrita relativa aos contidos do programa, e que combinará exercicios de carácter ensaístico, de edición e comentario etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O profesorado orientará aos e ás estudantes, ofrecéndolles a axuda necesaria, especialmente para a realización do traballo tutelado. Cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento. A orientación realizarase de forma individualizada e persoalmente, aínda que tamén poderán ser facilitadas indicacións escritas.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A11 B3 B6 B7 B8	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesorado. Eventualmente poderán ser solicitados resumos ou fichas de lectura.	15
Traballos tutelados	A1 A2 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C6	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	25
Obradoiro	A1 A2 A11 A14 A15 B1 B3 B7 C1 C6	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (edición de textos, comentarios etc.).	20
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A16 A27 A28 B7 C1	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con edición e comentario de textos. Serán valoradas cuestións como o rigor expositivo e a calidade expresiva.	40

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 5 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis. A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.

Fontes de información



Bibliografía básica	- AA.VV. (1986). Critique Textuelle Portugaise. Actes du Colloque (Paris, 20-24 octobre 1981). Paris: Fondation Calouste Gulbenkian - AA.VV. (1986). Comentário de Textos Literários. Madrid: Alhena - Azevedo Filho, Leodegário de (1987). Iniciação em crítica textual. Rio de Janeiro: Presença - Blecua, Alberto (1983). Manual de crítica textual. Madrid: Cátedra - Brea, Mercedes & Lorenzo Gradín, Pilar (1996-). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa [MedDB 3] <www.cirp.gal>. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Crespillo, Manuel (ed.) (1997). Comentario lingüístico de textos. Málaga: Universidad de Málaga - Ferreiro, Manuel (dir.) (2018-). Universo Cantigas [Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesas] <www.universocantigas.gal>. A Coruña: UDC - Lopes, Graça Videira & Ferreira, Manuel Pedro et al. (2011-). Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online] <www.cantigas.fcsh.unl.pt>. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA - Marchese, Angelo & Forradellas, Joaquín (2000). Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria. Barcelona: Ariel - Marcos Marín, Francisco (1978). El comentario lingüístico (Metodología y práctica). Madrid: Cátedra - Martínez-Gil, Víctor (coord.) (2001). L'edició de textos: història i mètode. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya - Reis, Carlos (1978). Técnicas de Análise Textual. Coimbra: Livraria Almedina - Spaggiari, Barbara & Perugi, Maurizio (2004). Fundamentos da Crítica Textual. História. Metodologia. Exercícios. Rio de Janeiro: Lucerna - Obra de lectura obrigada: Cambraia, César Nardelli (2005). Introdução à crítica textual. São Paulo: Martins Fontes.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías